

EXTRACTO DOS ACORDOS ADOPTADOS POLA XUNTA DE GOBERNO LOCAL NA SESIÓN CELEBRADA O DÍA 25 DE ABRIL DE 2012

A Xunta de Goberno Local celebra sesión ordinaria, en primeira convocatoria, o día vinte e cinco de abril deste ano, baixo a presidencia do Excmo. Sr. Alcalde, DON JOSÉ CLEMENTE LÓPEZ OROZCO, e coa asistencia dos Ilmos. señores concelleiros DON XOSÉ ANTÓN BAO ABELLEIRA, DONA SONIA MÉNDEZ GARCÍA, DON LUIS MANUEL ÁLVAREZ MARTÍNEZ, DONA MARÍA DEL CARMEN BASADRE VÁZQUEZ, DON LINO JOSÉ GONZÁLEZ-DOPESO GARCÍA, DONA PAZ ABRAIRA SOBRADO, DON JOSÉ MANUEL DÍAZ GRANDÍO e DON FRANCISCO JOSÉ FRAGA LÓPEZ. Actúa como Secretario o Concelleiro-Secretario da Xunta de Goberno Local, don Lino José González-Dopeso García, e asisten á sesión o Secretario Xeral do Pleno, don José Antonio Carro Asorey, e o Interventor Xeral Municipal, don Marcial Rodríguez Toajas, os cales foron convocados para o efecto. Adóptanse conforme ós termos da orde do día os seguintes acordos:

ACTA.- Apróbase a acta da sesión da Xunta de Goberno Local, correspondente ao día 18 de abril de 2012.

ÁREA DE URBANISMO

1. LICENZAS URBANÍSTICAS.- Acórdase a concesión das seguintes licenzas: para parcelamento da parcela matriz b, resultante do parcelamento aprobado na licenza número 1.687/2010, sita no núcleo rural tradicional de Cardelle, parroquia de San Xoán de Tirimol; para construción de edificio na rúa Camiño Real, número 83-85; para modificacións interior en obra e partidas pendentes de execución no edificio con licenza anterior número 479/09 de reestruturación total e ampliación de dous edificios, sito na Praciña do Colexio, números 2-3; para construción dun aseo para discapacitados en instalación de lavado de vehículos con licenzas 379/02 e 1.421/05, sito en solo urbano, na avda. Benigo Rivera, número 6 e para modificación de ocós na fachada posterior do edificio con licenza anterior número 861/07, de readaptación de edificio sito en solo urbano na rúa Tinería número 28.

Acórdase a denegación das seguintes licenzas: para instalación dun soporte metálico para carteis publicitarios na avda. de Madrid, número 255; para a legalización de renovación e ampliación de alpendre existente situado en solo de núcleo rural, sito en Tolda de Meilán, número 7, Santiago de Meilán; para legalización de industria láctea situada na rúa da Agricultura, polígono 63, parcela 321 e para legalización de industria láctea situada na avda. Benigo Rivera, rúa dos Artesáns, rúa dos Carpinteiros.

ACTAS E GOBERNO

JACA/cvr

Refª: 12extractoxg17.doc

Asunto: XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO 25-4-2012

Tamén se acorda a cocesión da licenza de primeira utilización para o edificio sito na rúa Alcalde Manuel Portela nº 36-40, con licenzas de obra número 518/06 e 508/10.

ÁREA DE ALCALDÍA, RECURSOS HUMANOS E PROTECCIÓN DA COMUNIDADE

2. PERSOAL.- Acórdase a autorización para a realización de servizos extraordinarios, por unha Policía Local e a aprobación da forma de compensación.

Do mesmo xeito, acórdase a realización de servizos extraordinarios pola Axente de Consumo e da aprobación da forma de compensación.

ÁREA DE ECONOMÍA, EMPRENDEMENTO, AUTÓNOMOS E EDUCACIÓN

3. CONTRATACIÓN, PATRIMONIO E FOMENTO.- Acórdase A aprobación da achega económica do concello por importe de 28.543,40 € no Convenio plurianual de colaboración para o desenvolvemento de actuacións correctoras para acadar a accesibilidade, entre o Instituto de maiores e Servizos Sociais (IMSERSO), a Fundación Once para a cooperación e inclusión social de persoas con discapacidade e o Concello de Lugo. (ano 2011).

Acórdase a aprobación dos pregos de prescricións técnicas e de cláusulas administrativas particulares, así como do gasto e a adxudicación por procedemento aberto para a contratación do servizo de roza en pistas en diversas parroquias da zona rural do Concello de Lugo e a apertura do procedemento de adxudicación.

Así mesmo, acordase a contratación do alugamento de vivenda que conta con adaptacións técnicas para ser utilizada por persoas con discapacidade e mobilidade reducida na rúa Leiras Pulpeiro número 7 – 5º andar en Lugo.

Acórdase a aprobación dos pregos de prescricións técnicas e de cláusulas administrativas particulares, así como do gasto e a adxudicación por procedemento negociado na contratación dun servizo de auditoría externa dos gastos certificados polo Concello de Lugo dentro do proxecto “Muralla Digital” (0413_ Muralla_1_e) cofinanciadas nun 75% por fondo europeo de desenvolvemento regional (FEDER) no marco da segunda convocatoria do programa POCTEP 2007-2013 e a apertura do procedemento de adxudicación.

Tamén se acorda a aprobación dos pregos de prescricións técnicas e de cláusulas administrativas particulares, así como do gasto e a adxudicación por procedemento negociado na contratación do servizo de desratización, desinsectación e desinfección no termo municipal de Lugo 2012 e a apertura do procedemento de adxudicación.

Fóra da orde do día, e tras a declaración de urxencia previa, adóptase o seguinte acordo:

- Acórdase a Delegación de competencia na Tenenta de Alcalde e Concelleira Delegada da Área de Economía, Emprendemento, Autónomos e Educación para a resolución de todos os actos de trámite e resolutivos en relación cos procedementos de licitación para a autorización da instalación de restaurantes e postos de elaboración de comida así como para a autorización da instalación de postos de venda de mercadorías no Arde Lucus 2012.

Lugo, 26 de abril de 2012
O CONCELLEIRO-SECRETARIO,

Asdo.: Lino José González-Dopeso García